



# LIBOCEDRO DE CALIFORNIA

## Calocedrus decurrens

*SABÍAS QUE...? A madeira lixeira da árbore utilízase para a elaboración de lapis, en particular en Estados Unidos onde é a principal materia prima para a súa fabricación, debido a que é suave e tende a aguzarse facilmente sen formar achas, ou en marquetaría.*

É unha conífera da familia Cupressaceae. Esta especie é nativa do oeste de Norteamérica, estando o groso da súa área de distribución nos Estados Unidos, dende o centro-oeste de Oregón a través da maior parte de California e o extremo oeste de Nevada, e tamén no noroeste de México na parte norte de Baja California.

**Nome común:** Calocedro de California, Cedro de incienso de California, Cedro blanco de California (cast.); Calocedro de California (gal.); Incense cedar (ingl.).

### Etimoloxía:

- Calocedrus: nome xenérico que procede do grego: **καλλος**, "callos", feroso e de **χέδρος**, "cedros", o cedro, significando entón "cedro feroso"
- decurrens: epíteto Latín que ten o mesmo significado que "decorrente" do cal deriva aludindo ás "escamas" das follas que se recubren unha a outra

**Descrición da especie:** É unha grande árbore, que alcanza tipicamente, no seu país de orixe, alturas de algo máis de 45 m e un tronco con diámetro de ata 3 m, estreitamente cónico e de ramaxe densa. A cortiza é dun pardo alaranxado que co tempo vólvese grisácea, suave ao principio e logo vanse formando fisuras e exfoliándose en longas tiras na parte baixa do tronco nos exemplares máis vellos. Os acios das follas son aplanados en forma de abanico. A follaxe é persistente, composta de follas escamiformes, longamente decorrentes na base, de cor verde escura brillante e que teñen un aroma resinoso intenso e peculiar. A árbore é monoica, con conos floríferos masculinos elipsoidais e amarelos. Os femininos formados por un pequeno conxunto de escamas verdosas. As piñas, terminais, están constituídas por un tabique central con dous apéndices no extremo; dúas escamas moi desenvolvidas, de carácter fértil; e outras dúas inferiores, moi reducidas, estériles. As piñas maduran no outono seguinte á floración e son prontamente caducas.

